



A Santa Compañía en Melide

Alá polos anos 60, nas terras de Melide, un mozo novo, viña de pasar unha velada festiva na veciña parroquia de Santa María, que naquelas datas estaban celebrando as festas.

Xa se lle fixera tarde e para chegar pronto á casa, decidiu atallar polo Castelo, en lugar de dar unha volta máis longa polo camiño de Sabián.

Era noite pecha e nesa zona do Castelo, onde está a Capela do Carme e o cemiterio, non había alumeado público, e polo tanto estaría bastante escuro. Subía polo monte do Castelo apurado, xa que tiña ganas de chegar a súa casa. Cando chegou arriba, acompañado unicamente da escuridade e dalgún moucho que ulularía á noite, ao noso amigo pareceulle escoitar a alguén como rezando e ver unhas luces que se deixaban asomar entre a Capela da Virxe.

Achegouse un pouco para ver o que pasaba, e cal foi a súa sorpresa que se atopou de fronte, cunha procesión de ánimas que, acompañadas de candeas acendidas daba voltas ó redor da Capela. O home non puido menos que botar a correr costa abaixo, sen volver mirar atrás e chegar o máis pronto posible ao seu fogar.



Unha vez alí pechou a porta e se meteu na cama. Ao día seguinte non lle contou a ninguén o sucedido, pois tiña medo da Santa Compañía, de que puidese vir a buscalo, ou de que alguén lle pedise que fixese algo para escorrentala, polo que gardou silencio.

Días máis tarde, escoitou na casa que uns veciños, pasaran unha noite dando voltas ao redor da Capela do Carme, por unha promesa que lle fixeran á Virxe por un familiar. Fora aquela noite, a noite que o rapaz crera ver á Santa Compañía. E entón xa puido contar, agora con medo a que se risen del, que el estaba alí aquela noite e que o que lle parecera ver fora a Santa Compañía.

Texto adaptado de:
<https://galiciaencantada.com/lenda>





A SANTA COMPAÑA EN MELIDE- ACTIVIDADES

1. Onde ocorre esta historia?

.....

2. Por que decidiu o rapaz atallar polo Castelo?

.....

3. Por que esa zona estaba escura?

.....

.....

4. Que lle pareceu ver ao protagonista aquela noite?

.....

5. Que pasou realmente?

.....

.....

